



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 19 de setembro de 2016

HORA DE COMEZO: 20:40 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos, D. Tomás Hermelo Álvarez e D^a Lourdes Rial Pardo.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ...ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 12 de setembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2º.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
D.G.S.	Pedreira nº 8,B-Coiro <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

2º.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL PRESENTADA POR M.D.L.A.P.P.

Examinada a solicitude presentada por M.D.L.A.P.P., con enderezo en Serra de Poniente, nº 68-Darbo, no que solicita o pintado de liña amarela nas zonas próximas á saída da súa vivenda, debido á pouca visibilidade por aparcamento de vehículos pegado a un cruce.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de acordo co informe emitido pola Policía Local o día 15.09.2016, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar o pedimento solicitado

2º.C) PROPOSTA DE PEONALIZACIÓN NUNHA ZONA DA PRAZA DAS PONTES

Examinada a Proposta do Xefe da Policía Local día 14.09.2016, que di:

"Que sendo necesaria a debida comunicación de peóns pola rúa Félix Ozamiz coa Praza das Pontes é polo que: propoñemos unha franxa peonil no estacionamento da citada praza, eliminando os mínimos vehículos desta zona, debendo colocar uns elementos de pedra ou pivotes, nos puntos que figuran no croque adxunto.

Esta actuación permitiría unha eficiente mobilidade do Forte cara o concello e centro urbano e debería engadir unha pequena rampla nas escaleiras que comunican a praza e a rúa Ozamiz, dentro do plan de accesibilidade que actualmente esta a desenvolver o goberno municipal."



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda, aprobar integramente a Proposta transcrita anteriormente.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

3º.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 27/2015

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 7.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 27/2015, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 27/2015

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Vilariño- O Hío, polos responsable que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un soterramento con grandes movementos de terras no lugar de "Lagoa de Vilariño".

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados J.P.M. promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia en relación co art.1 do decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode aprobar a tenor do indicado no artigo 161.2 da Lei 2/2016 e artigo 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 a 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación refuciráselle a mesma nun 50%.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das



Concello de Cangas

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163 da Lei 2/16, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do Concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirse a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a



Concello de Cangas

presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer-lo que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 27/20115.

FACENDA

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

4º.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 202/2013

Dáse conta de sentenza nº 202/2013 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 2 de Pontevedra, procedemento ordinario nº 396/2012, promovida por "ACCIONA AGUA S.A.U".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 201/2013 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra, procedemento ordinario nº 396/2012, promovida por "ACCIONA AGUA S.A.U".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

4º.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR S.L. (X-12/45)

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do día 15.09.2016, sobre auto do día 07/09/2016, recaído na peza separada de execución nº 13/2015 derivada do



Concello de Cangas

procedemento ordinario nº 475/2012, tramitado polo xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia de Promalar, S.L., que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR S.L. (X-12/45)

Visto o contido do auto de data 07/09/2016 recaído na peza separada de execución 13/2015 derivada do Procedemento Ordinario nº 475/2012 (exp. Municipal X-12/45) seguido a instancia de PROMALAR SL que dispuxo literalmente:

"-Se ACUERDA ESTIMAR LA SOLICITUD efectuada por la representación procesal de "PROMALAR, S.L", DECLARANDO que el AYUNTAMIENTO DE CANGAS DEBERÁ ABONAR el interés agravado del Artículo 106 de la Ley 29/1.998 de 13 de Julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, y por ello el AYUNTAMIENTO DE CANGAS DEBERÁ ABONAR a "PROMALAR, S.L" la cantidad de 20.701,86 euros. Notifíquese la presente Resolución a las partes personadas, haciéndoles saber que, contra la misma, cabe interponer RECURSO DE APELACIÓN dentro de los quince días siguientes al de su notificación, mediante escrito razonado que deberá contener las alegaciones en que se fundamente el recurso, y del que conocerá el Excelentísimo Tribunal Superior de Justicia de Galicia (Artículos 80 y 109 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa). "

Visto que o artigo 106.3 da Lei 29/1998 prevé que o incremento en dous puntos dos xuros disposto no auto procede unicamente se se apreciase falta de dilixencia no cumprimento e entendendo que por parte do Concello se actuou con toda a dilixencia posible tendo en conta as circunstancias do caso e visto que o citado auto é susceptible de recurso procede requirir da defensa letrada do Concello que formalice recurso en oposición a aquel.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- *Tomar coñecemento do referido auto de data 07/09/2016 recaído na peza separada de execución 13/2015 derivada do Procedemento Ordinario nº 475/2012 seguido a instancia de PROMALAR SL.*



Concello de Cangas

Segundo.- *Que pola representación do Concello de Cangas se proceda a interpoñer recurso contra o citado auto.*

Terceiro.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería así como ao avogado do Concello personado no citado procedemento J.R.V.C."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

5º.A) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 15.09.2016, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a don/a A.P.S., co expediente 36008/01/000362 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal*
- *Atención de carácter psicosocial*
- *Atencións de carácter doméstico*

Número de horas mensuais: 20 horas



Concello de Cangas

Custo do servizo: 245,2 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 453,47 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/ mes

Data prevista de alta no SAF: 19 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.B) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 9.09.2016, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a don/a L.M.M., co nº de expediente 36008/02/0001886-VI/34843 o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda*
- Atención de carácter psicosocial e educativo*

Custo do servizo: 551,77 €

Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica: 124,58 €/mes

Número de horas: 45 horas



Concello de Cangas

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.C) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 15.09.2016, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a don/a J.P.S., co nº de expediente 36008/02/001546-VI/0000029618 o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal*
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda*
- Atención de carácter psicosocial e educativo*

Custo do servizo: 551,77 €

Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica: 97,15 €/mes

Número de horas: 45 horas

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.



Concello de Cangas

5°.D) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 15.09.2016, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a don/a M.P.N., co nº de expediente 78737301K o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrència e de acordo cos seguintes detalles

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal*
- *Atencións de carácter doméstico e da vivenda*
- *Atención de carácter psicosocial e educativo*

Custo do servizo: 389,07 €

Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica: 155,63 €/mes

Número de horas: 8 horas

Data prevista de alta no SAF: setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5°.E) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE BAIXA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR POLA QUENDA DE LIBRE CONCORRENCIA E ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR POLA QUENDA DE DEPENDENCIA

Examinadas as propostas do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.09.2016, relativas á alta e baixa do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:



Concello de Cangas

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista do informe elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Baixa do SAF de dona R.C.V. con expediente 36008/01/001239 pola quedan de libre concorrência con data do día 14 de setembro, ante a concesión do servizo pola quenda de dependencia.

Así mesmo dáse conta da proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 14.09.2016, relativa á alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle o servizo de Axuda a domicilio a don/a R.C.V., co expediente 36/008/01/001239-39985 pola quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal*
- *Atención de carácter psicosocial*
- *Atencións de carácter doméstico*

Número de horas: 20 horas

Custo do servizo: 245,20 € (12,26€/hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 448,59 €, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes



Concello de Cangas

O servizo de SAF ampliarase a partir do 15 setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/ AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do Concelleiro de servizos Sociais, do día 16.09.2016, relativa á concesión de axuda de Emerxencia Social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCION

Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de Concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do limo. Concello de Cangas (Pontevedra)

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por dona E.G.G. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponte a seguinte resolución:

Concesión de axuda económica de 477,38€."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE.

Examinada a Proposta do Concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, do día 15.09.16, relativa á concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade, que di:

"PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 9 de maio de 2016, acordou aprobar a convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade durante o ano 2016 e as bases reguladoras da mesma.



Concello de Cangas

Visto que o día 8 de xuño foi publicado o extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 108, que fixo que a convocatoria adquirise plena eficacia e que abriu o prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles.

Visto que o día 22 de xullo de 2016 a Comisión de valoración para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016, órgano designado como avaliador das solicitudes na de conformidade co disposto na base 8 das Bases realizou unha avaliación das solicitudes presentadas de acordo co establecido na convocatoria da subvención.

Vista que o día 22 de xullo, de conformidade coa avaliación realizada pola Comisión de valoración, realizouse polo Sr. Alcalde a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencións.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 26 de xullo de 2016, aprobou a proposta provisional de concesión das subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade, sendo o acordo notificado aos solicitantes, concedéndolles un prazo de dez días para que poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.

Visto que non foron presentadas alegacións polos interesados en relación coa proposta de resolución provisional notificada.

Visto que, efectuada a concesión provisional da subvencións quedou unha cantidade restante de 875,68 euros do total de 9.000,00 euros orzamentados, a repartir proporcionalmente entre as Asociacións que non superaron o límite do 80% establecido na base 8.3 das Bases da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade durante o ano 2016, do seguinte xeito:

Asociación	Cantidade solicitada	Cantidade subvencionable 80%	Cantidade Concedida	Sobrante a repartir	Cantidade Final
AECC	1.100,00 €	880,00 €	880,00 €	0	880,00 €
ADICAM	5.683,95 €	4.547,16 €	1.040,20 €	196,49 €	1.236,69 €
JUAN XXIII	2.881,49 €	2.305,19 €	949,75 €	230,67 €	1.180,42 €
AIRIÑO DE ALDÁN	2.400,00 €	1.920,00 €	972,36 €	217,85 €	1.190,21 €
VIDA DIGNA	1.500,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €	0	1.200,00 €
DOA	1.000,00 €	800,00 €	800,00 €	0	800,00 €
CARIDADE S.Ap	3.000,00 €	2.400,00 €	1.402,01 €	230,67 €	1.632,68 €
AFAMO	1.100,00 €	880,00 €	880,00 €	0	880,00 €



Concello de Cangas

Visto o que antecede e de acordo co artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o que subscribe formula a seguinte proposta de resolución definitiva:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

PRIMEIRO. Conceder subvencións en materia de desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016 ás solicitudes que figuran a continuación, polo importe que se indica e para a actividade que se sinala:

Nome	Puntuación Total	Actividade	Cantidade concedida
AECC	23	Programa de atención Bio-Psico-Social e Prevención	880,00 €
ADICAM	23	Traballando pola sensibilización fronte ao cancro	1.236,69 €
JUAN XXIII	21	Parque biosaludable Juan XXIII	1.180,42 €
AIRIÑO DE ALDÁN	21,5	Realización de talleres	1.190,21 €
VIDA DIGNA	27	Bolsa de alimentos e roupeiro familiar	1.200,00 €
DOA	25,5	Cultivando saúde, a horta como terapia de rehabilitación psicosocial	800,00 €
CARIDADE SANTIAGO APÓSTOL	31	Comedor social	1.632,68 €
AFAMO	27	Apoio psicolóxico a familiares de enfermos de alzheimer en domicilio	880,00 €

SEGUNDO. Notificar esta proposta de resolución aos solicitantes, tal e como se establece na convocatoria, co fin de que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación, advertíndolles que, de non o faceren, se entenderá tacitamente aceptada a subvención nos termos aquí establecidos.

CUARTO. Trasladar esta proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local co fin de que se proceda á resolución do procedemento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Concello de Cangas

ENSINO E DEPORTE

8º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZOS TÉCNICOS PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.

O presente asunto queda sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

SUBVENCIONS

9º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AO AMPARO DA ORDE DO 12.08.2016, DE AXUDA ECONÓMICA PARA FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA COMPENSACIÓN DE GASTOS FARMACEUTICOS

Vista a orde do 12 de agosto de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede a súa convocatoria para os anos 2016/2017.

Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, e tendo en conta que o Concello de Cangas, ten unha poboación de 26.412 persoas, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar acollerse a esta convocatoria en base aos datos seguintes:

Periodo subvencionable	Nº persoas beneficiarias	Orzamento total por anualidade	Orzamento solicitado por anualidade	Achega Concello Cangas
2016	---	-----	-----	----
2017	216	26.000,00	20.000	6.000,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a solicitude á Consellería de Política Social ao amparo da Orde do 12.08.2016, de axuda económica para familias con menores a cargo para compensación de gastos farmacéuticos.



Concello de Cangas

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN S/FISCALIZACIÓN DO RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS DA OBRA "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA" CERTIFICACIÓN SEGUNDA

Dáse conta de informe emitido o día 19.09.2016 polo interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA", que é como segue:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

*TIPO CONTRATO: OBRA CONTRATO MENOR DE OBRAS
ASUNTO: FISCALIZACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS
DATA: 19 DE SETEMBRO de 2016
DESTINATARIO: ALCALDÍA/XGL
REFERENCIA: SCM/045/2016*

DATOS DE PROXECTO

*DENOMINACIÓN: PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA
CÓDIGO DE PROXECTO
ORZAMENTO LICITACIÓN: 56.775,26 euros (IVE engadido)
IMPORTE ADXUDICACIÓN 56.775,26 euros (IVE engadido)
APLICACION ORZAMENTARIA
FINANCIAMENTO FEADER: 80% 37.537,36
CONCELLO: 20% 11.355,05 máis o IVE correspondente
CERTIFICACIÓN 1: 11.236,41 EUROS
CERTIFICACIÓN 2: 33.957,50 EUROS
NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.



Concello de Cangas

- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- *RD Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade ñas operacións comerciais.*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobé o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *Bases de Execución do Orzamento en vigor.*

Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a. 8 do TRLCSP, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

OBSERVACIÓNS

Primeiro.- Existencia de crédito.

Existe crédito na aplicación 330/622, do orzamento para 2016 para o financiamento da contratación que se somete a fiscalización.

Segundo.- Competencia.

A competencia para a contratación que se recolle na proposta corresponde á Alcaldía, e por delegación desta mediante Resolución de data 02 de xullo de 2015, á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Observacións

Consta acta de comprobación do replanteo de data 26/07/2016.

Consta aprobación do estudo de seguridade e saúde.

A certificación presentada comprende a obra executada na totalidade do período de execución (obra realizada entre o 01/08/2016 e o 31/08/2016, segundo a certificación), en cumprimento do establecido no artigo 232 do Real decreto lexislativo 3/2011, relativo á expedición mensual das certificacións de obra.



Concello de Cangas

Hai unha sensible coincidencia entre as medicións das diferentes unidades de obra do proxecto e as executadas segundo a certificación emitida pola directora de obra.

O prezo facturado axústase aos importes de adxudicación.

Consta presentación de factura xuntamente coa certificación.

Consta depósito da garantía definitiva.

Na certificación pode apreciarse que se inclúe como executadas a totalidade das partidas de control de calidade, seguridade e saúde e xestión de residuos. Toda vez que a obra non está remtada, parece que non resulta procedente a inclusión íntegra desas partidas na certificación dos traballos realizados.

Malia o anterior. E tendo en conta a escasa entidade dos traballos que restan por realizar, enténdese que por un criterio de economía a celeridade no procedemento, pódese proceder a aprobar a certificación referida, coa advertencia de que ese proceder no resulta acaído aos principios da normartiva que rexe a execución do contrato.

CONCLUSIÓNS: polos motivos expostos fiscalízase favorablemente o recoñecemento de obrigas correspondente á certificación segunda da obra 'Reforma do saneamento e falso teito da Casa da Cultura', por importe de (33.947,50 €)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito do interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSTO TEITO DA CASA DA CULTURA".

B) DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN S/FISCALIZACIÓN DO RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS DA OBRA "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA" CERTIFICACIÓN TERCEIRA E FINAL

Dáse conta de informe emitido o día 19.09.2016 polo interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA", que é como segue:



Concello de Cangas

"INFORME DE INTERVENCIÓN

*TIPO CONTRATO: OBRA CONTRATO MENOR DE OBRAS
ASUNTO: FISCALIZACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS
DATA: 19 DE SETEMBRO de 2016
DESTINATARIO: ALCALDÍA/XGL
REFERENCIA: SCM/046/2016*

DATOS DE PROXECTO

*DENOMINACIÓN: PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO
DA CASA DA CULTURA
CÓDIGO DE PROXECTO
ORZAMENTO LICITACIÓN: 56.775,26 euros (TVE engadido)
IMPORTE ADXUDICACIÓN 56.775,26 euros (IVE engadido)
APLICACION ORZAMENTARIA
FINANCIAMENTO FEADER: 80% 37.537,36
CONCELLO: 20% 11.355,05 máis o IVE correspondente
CERTIFICACIÓN 1: 11.236,41 EUROS
CERTIFICACIÓN 2: 33.957,50 EUROS
CERTIFICACIÓN 3 E FINAL: 11.581,35 EUROS*

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- RD Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade ñas operacións comerciais.*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobé o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- Bases de Execución do Orzamento en vigor.*

Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a. 8 do TRLCSP, esta Intervención emite o seguinte INFORME:



Concello de Cangas

OBSERVACIÓNS

Primeiro.- Existencia de crédito.

Existe crédito na aplicación 330/622, do orzamento para 2016 para o financiamento da contratación que se somete a fiscalización.

Segundo.- Competencia.

A competencia para a contratación que se recolle na proposta corresponde á Alcaldía, e por delegación desta mediante Resolución de data 02 de xullo de 2015, á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Observacións

Consta acta de comprobación do replanteo de data 26/07/2016.

Consta aprobación do estudo de seguridade e saúde.

A certificación presentada comprende a obra executada na totalidade do período de execución (obra realizada entre o 01/08/2016 e o 31/08/2016, segundo a certificación), en cumprimento do establecido no artigo 232 do Real decreto lexislativo 3/2011, relativo á expedición mensual das certificacións de obra.

Hai unha sensible coincidencia entre as medicións das diferentes unidades de obra do proxecto e as executadas segundo a certificación emitida pola directora de obra.

O prezo facturado axústase aos importes de adxudicación.

Consta presentación de factura xuntamente coa certificación.

Consta depósito da garantía definitiva.

Na certificación pode apreciarse que existe unha variación o número de unidades de obra executadas das revistas no proxecto, que non superan o 10% do importe do contrato. Enténdese que estas variacións atópanse detro do suposto establecido no art. 234.3 do Real decreto lexislativo 3/2001, polo que se estima non esixen modificación do contrato.

Consta acta de recepción de data 14/09/2016



Concello de Cangas

Non se acredita a realización das melloras ofertadas, que deberá acreditarse debidamente antes da aprobación da certificación.

CONCLUSIÓNS: polos motivos expostos fiscalízase favorablemente o recoñecemento de obrigas correspondente á certificación terceira e final da obra 'Reforma do saneamento e falso teito da Casa da Cultura', por importe de (11.581,35 €)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito do interventor municipal, referente a fiscalización do recoñecemento de obrigas de expediente de contratación da obra "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSTO TEITO DA CASA DA CULTURA".

C) PROPOSTA DE CESIÓN EN PRECARIO DE INMOBLE Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO IGRESARIO DO HÍO "A FONTE NOVA"

Examinada a Proposta da Concellaría de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo, do día 19.09.2016, relativa á cesión en precario de inmovible á asociación de veciños do Igrexario do Hío "A Fonte Nova", que di:

" PROPOSTA DE CESIÓN EN PRECARIO

Visto o Concello de Cangas é propietario do inmovible que pertenceu á antiga Sociedade de Socorros Mutuos "La unión" agora extinta, identificado cos seguintes datos catastrais: Polígono 14, parcela 129, referencia catastral 36008A014001290000JI, localizado número 57 do lugar do Igrexario, parroquia de O Hío, Cangas, en virtude da escritura de cesión outorgada o 24 de maio de 2012 ante a Notaria do Ilustre Colexio de Galicia Ana Teresa Canoa Pérez, baixo o número 428 do seu protocolo.

Visto que, de conformidade co disposto na sinalada escritura pública, o inmovible foi cedido e transmitido gratuitamente ao Concello de Cangas para fins sociais.

Visto que a Asociación de Veciños do Igrexario de Hío "A Fonte Nova" solicitou o uso do inmovible para destinalo aos seus fins sociais.

Visto que, tras a rehabilitación e acondicionamento do inmovible por parte do Concello de Cangas e en tanto non estean regulados de forma concreta os diferentes aspectos relativos ao seu uso social, non existe razón que non permita autorizar o uso temporal do mesmo por parte da Asociación de Veciños do Igrexario – Fontenova.



Concello de Cangas

De conformidade co exposto, PROPOÑO:

PRIMEIRO. *O Concello de Cangas, autoriza o uso gratuito e en precario do inmovible da antiga Sociedade de Socorros Mutuos "La unión" agora extinta, identificado cos seguintes datos catastrais: Polígono 14, parcela 129, referencia catastral 36008A014001290000JI, localizado número 57 do lugar do Igrexario, parroquia de O Hío, por parte da Asociación de Veciños do Igrexario de Hío "A Fonte Nova", para dedicalo exclusivamente á realización das actividades propias dos fins da Asociación.*

Calquera outra utilización diferente á sinalada, deberá ser autorizada polo Concello de Cangas.

O réxime de cesión en precario extinguirase por decisión motivada da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local do Concello, mediante o correspondente requirimento.

SEGUNDO. *Que a presente cesión sexa formalizada mediante convenio no que se establezan as condicións da mesma.*

TERCEIRO. *Notificar o presenta acordo á Asociación de Veciños do Igrexario de Hío "A Fonte Nova" e citala para a sinatura do correspondente convenio."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

D) ESCRITO PRESENTADO POLA FEDERACIÓN DE ANPAS DE CENTROS PÚBLICOS DE CANGAS "A GAMELIÑA"

Examinado o escrito presentado pola federación de Anpas de centros públicos de Cangas "A Gameliña", do día 17.09.2016, na que solicitan apoio para a súa solicitude de apertura dun novo prazo para a presentación de solicitude de axudas para adquisición de libros á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que di:

"SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA,

D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA



Concello de Cangas

A Federación de Asociacións de Nais e Pais dos Centros Públicos de Cangas, ante a sede do citado órgano comparece e fai constar que:

PRIMEIRO.- *A Orde do 27 de abril de 2016 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2016/17, estableceu que:*

- O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 23 de xuño de 2016 (este incluído).*
- O alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, se incorpore a un centro docente sostido con fondos públicos procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos poderá presentar a solicitude no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 31 de marzo de 2017.*
- O alumnado que repita 4º da ESO no curso 2016/17, cando non tivese presentado solicitude de axuda para adquirir libros de texto e material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula.*

SEGUNDO.- *Que as asociacións de nais e pais de alumnos en escolas públicas de Cangas recibimos numerosas queixas de familias que non puideron formalizar a solicitude de axuda antes do 23 de xuño de 2016, por numerosas e variadas causas, entre elas, non ter recibido as familias comunicación da devandita convocatoria de axudas dende a Consellería de Educación, nin tampouco dende os centros educativos públicos onde estaban matriculados os seus fillos menores de idade, ou, por exemplo, non ter formalizada a axuda ao estar o alumno/a pendente dos resultados dos exames de setembro para formalizar a matrícula no curso correspondente, ou tamén por descoñecer na data do 23 de xuño de 2016 en que centros educativos públicos serían admitidos os seus fillos no curso 2016-2017 e polo tanto descoñecendo onde debían presentar a solicitude, resultando incluso que cursos enteiros de nenos e nenas, agora en Educación Secundaria Obrigatoria non puideron formalizar a súa solicitude no prazo inicial que remataba o 23 de xuño de 2016.*

TERCEIRO.- *Considerando que é un deber básico da administración educativa galega garantir o acceso a educación en igualdade de oportunidades, en relación ao dereito dos nenos e nenas escolarizados nos centros educativos públicos, levantando para elo as trabas que poideran existir que o impedisen, e*



Concello de Cangas

neste caso existindo ademais serias eivas na regulación establecida na Orde de 27 de abril de 2016, e na súa transmisión as familias. Consideramos mais xusto, e axustado a dereito, que se amplíe o prazo xeral establecido na Orde do 27 de abril de 2016, abrindo un prazo extraordinario que remate o 31 de outubro de 2016, para que no devandito prazo as familias que non puideron realizar a solicitude de axuda para os seus fillos poidan formalizar a solicitude e garantir así a plena integración escolar dos nenos e nenas que non puideron realizalo con anterioridade.

Por todo elo, a Federación de Asociacións de Nais e Pais dos Centros Públicos de Cangas "A GAMELIÑA", así como os demais nais e pais firmantes desta solicitude na plataforma CHANGE.ORG, consonte ao exposto nos parágrafos precedentes,

SOLICITAMOS ao Concelleiro de Educación:

Que previos os trámites que correspondan, pola Consellería se acorde abrir un prazo extraordinario para solicitar as axudas establecidas na Orde do 27 de abril de 2016, que remate o 31 de outubro de 2016, ou no prazo dun (1) mes dende a súa publicación no DOGA."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda dar apoio ao pedimento transcrito.

E) COMUNICACIÓN DA DIRECTORA DO CONSERVATORIO E DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, S/ NOMEAMENTO DE XEFE DE ESTUDOS E SECRETARIO

Examinado o escrito presentado pola Directora do Conservatorio e Escola Municipal de Música, do día 16.09.16, relativo á comunicación de nomeamento de xefe de estudo e secretario, que di:

"M.J.T.E., Directora do Conservatorio e da Escola Municipal de Música.

EXPÓN:

Unha vez contratado o profesorado para o presente curso 2016-2017 e ante a necesidade de cubrir os cargos directivos de Xefe de Estudos e de Secretario dos dous centros



Concello de Cangas

SOLICITA:

Que por parte do Concelleiro se admita a nosa decisión de propoñer á profesora R.E.M. para ocupar o cargo de Vicedirectora e de Xefe de Estudos do Conservatorio Profesional de Música de Cangas e da Escola Municipal de Música "Mestre Inocentes Camaño" e ó profesor J.A.C.V. para ocupar o cargo de Secretario con efecto do día 1 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada da comunicación transcrita.

F) DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 13.09.2016, S/ BASES QUE REXERAN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL, PARA IMPARTIR O MÓDULO FORMATIVO MF0233-2 OFIMÁTICA

Examinada a Resolución da Alcaldía do día 13.09.2016, relativa ás bases que rexeran no proceso de selección de persoal para impartir o módulo formativo MF0233-2 OFIMÁTICA, que di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En relación coa impartición da acción formativa do Plan AFD de Xestión Integrada de recursos humanos, núm. 2016/2671, para a que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia lle ten concedido ao Concello de Cangas unha subvención para a súa realización (EXPT. TR301K 2016/00066-5), tramitada ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, á vista do considerable número de horas que ten esta acción formativa, en concreto 808 horas,

Tendo en conta así mesmo que, de acordo co estipulado na normativa reguladora do Plan AFD e na resolución de concesión, con carácter xeral a data límite de remate das accións formativas é o 30 de novembro do presente ano, data límite tamén para ter presentada a correspondente xustificación de gastos.

De acordo co exposto e en virtude das facultades que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Avogar a competencia delegada á Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de data 2 de xullo de 2015 para aprobar as bases de selección que acompañan como anexo á presente resolución.



Concello de Cangas

SEGUNDO: Convocar a praza de persoal docente que se indica nas Bases que de seguido se expoñen no Anexo, en concreto para impartir o módulo formativo MF0233_2: OFIMÁTICA (190 horas), e ordenar así mesmo que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nelas.

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

CUARTO: Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente